

Igrexa parroquial de San Salvador

030202

Datos de Localización

Igrexa

Nomenclator:	3206205
Coord. UTM:	X: 59818856 Y: 465351162
Concello:	Porqueira
Parroquia:	SABUCEDO
Lugar:	Rial
Tipoloxía:	Arquitectura Religiosa
Tipo:	Igrexas
Subtipo:	Igrexa



Denominación: Igrexa parroquial de San Salvador

Etapa Histórica: Idade Moderna

Estilo relevante Renacentista

Outros Estilos: Barroco

Descrición:

No pobo de Sabucedo de Limia, antes da existencia desta igrexa funcionou como templo parroquial a que hoxe se coñece como capela da Nosa Señora de ó Pé do Monte. Xa na visita pastoral do ano 1583 se recolle: "*visito la dicha yglesia (San Salvador) y la de santa maria de Sabuzedo que dizen es la antigua*".

Os libros parroquiais cos que contamos para o estudo deste edificio parten de finais do século XVI. Pola visita parroquial de 1581 (Libro 34.13.11., fol.6 bis Vº) mandaba o bispo que se fixese un retablo para o altar maior. Asentárase a custodia no medio e colocáranse nel a imaxe do Salvador e outras dúas imaxes máis de bulto redondo. Pero o mandato da súa Ilustrísima non foi atendido e na visita de 1586 (Libro 34.13.11., fol.48Vº) vólvese a insistir no mesmo tema, neste caso engadindo unha nota a maiores; que o retablo se fixese conforme ó que había na igrexa de San Martiño de Porqueira. Tres anos máis tarde a obra estaba en proceso de execución xa que na visita dese ano (Libro 34.13.11., fol.53) aparece recollido "*que prosigan con la obra del Retablo adelante hasta acaballo y asentallo*". A pintura da obra correu a cargo do pintor de Ganade Gregorio Cuquejo, así se manda que se faga en 1592 (Libro 34.13.11., fol.59).

No ano 1668 (Libro 34.13.10., fol.11) veuse abaixo unha parede e o teito da igrexa, así "*concertose la pared en 51 ducados y dos fanegas de pan*". No último tercio do século XVII encomendáronse para o templo dous retablos colaterais, ignórase o nome do executor das obras, nembargantes sábese que foron pintados polo mestre Pedro Diaz (Libro 34.13.10., fol.19Vº-20).

Cara 1690 (Libro 34.13.10., fol.88) proxéctase unha nova obra na igrexa, pero desta vez de cantería; "*la sacristia de san salvador era pequena y se estava caiendo a cimentis... para alargarla y acerla de nuevo como esta echa concertose la canteria con Sebastian Garcia maestro vecino de Zelanova en 534 reales mas once tegas de pan*". "*hizose el techo de dicha sacristia y el mismo maestro lo baxo a otros postores en 398 reales*". Co gallo desta obra, o muro do adro sufriu moitos desperfectos, así se plasma na visita parroquial de 1694 (Libro 34.13.10., fol.90); "*a bisto que el atrio de la yglesia de san Salvador esta abierto y aruinado; y la causa dice el abad a sido la obra de la sacristia para entrar las piedras y carretos...* ".

Na visita parroquial do ano 1722 (Libro 34.13.14., fol.36Vº) "*reconocido lo estrecho de los colaterales y poca decencia que tienen... se mande 200 ducados para hacer dos retablos colaterales de buena forma y escultura y que no sean delicados los quales ayan de estar mirando uno al otro y cojiendo en medio el rincon de la pared*". A encomenda non se fixo esperar, de feito en 1724 os dous retablos xa estaban acabados, así o reflexa a carta de

pago do escultor (Libro 34.13.14., fol.40): *Sabucedo y marzo 8 de 1724 . Digo yo Joseph Seguin vecino de Raeriz de Vega y Maestro de excultura y arquitectura que recivi del caudal de primicias de San Salvador de sabucedo dos mil treientos y cinquenta reales de vellon los mesmos que importo el conste de los dos retablos coletorales con sus ymagenes y una urna para Jueves Santo que se fabricaron para dicha yglesia y para que conste lo firmo en dicho dia mes y año".*

A pintura correu a cargo do mestre Tomás González veciño da vila de Celanova, tamén neste caso se conserva a carta de pago do pintor (Libro 34.13.14., fol.67Vº): *Digo Yo Thomas Gonzalez pintor vezino de la villa de Celanova que recivi de mano de Francisco Rodriguez y de Don Joseph de Penin vezinos de esta feligresia de San Salvador de Sabuzedo de limia depositarios de el caudal de las primicias de esta dicha feligresia quatro mill y cien reales de vellon con mas mill reales que salieron de el centellero (o vendido á capela do Santo Cristo da Catedral de Ourense) que me entrego el señor Don Pedro Baldes abbad de esta feligresia que con los quatro mill hacen cinco mill y cien reales de vellon... ..y todo este dinero fue para la pintura de los dos retablos colaterales de la yglesia de San Salvador de Sabuzedo de limia.. ..fecho en sabuzedo a quatro dias de el mes de febrero de mill setecientos y treinta y seis".*

Na década dos 50 (Libro 34.13.9., fol.20) a fábrica da igrexa viuse inmersa nun novo gasto, neste caso a feita dun novo retablo maior; *"en el año de mil siete cientos y cinquenta y tres los feligreses y yo ajustamos el retablo mayor de la yglesia de San Salvador con el Padre fray Pedro Pasqual Garcia religioso de Nuestra Señora de la Merced maestro de escultura y arquitectura con licencia que para esto tube de el Ylustrisimo Señor obispo de orense Agustin de Eura, y lo ajustamos en quinientos ducados y despues por haversele añadido mas obra, se ajustó en siete mil y quinientos reales. Se comenzó a hacer en el año de mil siete cientos y cinquenta y cinco por julio y se acabó en el de cinquenta y seis por agosto en cuyo tiempo fue Dios servido de llamar a juicio al dicho fray Pedro, (o 2 de agosto de 1756) y esta enterrado en la capilla mayor de San Salvador como consta de el libro de difuntos.. ..".* Tras a morte do escultor, a obra parece que non estaba totalmente rematada, así nunha nota extraída das contas do ano 1764 (Libro 34.13.9., fol.29) refléxase unha data de *"dos mil quatrocientos y cinquenta reales a Pedro Garcia Maestro de escultor que acabo de perfeccionar la obra".* A pintura do retablo correu a cargo do mestre Carlos Rodríguez de Camba, axustada na cantidade de doce mil reais (Libro 34.13.9., fol.60). Este axuste non se produce ata o ano 1788.

A igrexa conta cunha nave de planta rectangular e un amplo presbiterio de maior altura. Tras a capela maior atópase unha pequena sancristía. As paredes están levantadas a base de perpiaños de boa labra.

Na fachada -flanqueada por dúas grandes pilastras- sobresa unha sinxela pero elegante portada. Está enmarcada tamén por pilastras que teñen man dun entaboamento, culminando o proceso un frontón triangular que carece de decoración no seu tímpano. O frontón atópase entre dous pináculos rematados en bola. A porta concibida como un arco semicircular presenta o seu intradós moldurado, estando dito arco apoiado sobre impostas. O templo conta con outra porta no lado norte, neste caso é alintelada. Ós lados do óculo aprécianse uns cortes na fábrica da fachada debido ás ansias de dar maior altura á mesma. A espadana consta dun só corpo, os machóns son apilastrados e entre o remate dos mesmos e o comezo do arranque dos arcos media unha cornixa. Este mesmo elemento volve aparecer entre o corpo e o interesante frontón de perfil cóncavo. No tímpano un óculo. O citado frontón aparece rematado por unha cruz de metal apoiada nun elemento decorativo pétreo. Distribución por todo o edificio de pináculos piramidais (ángulos da capela maior, extremos da fachada etc.).

DOCUMENTACIÓN:

-Ficha do Inventario do Patrimonio Arquitectónico de Interés Histórico Artístico do Ministerio de Cultura.

-A.H.D.OU.

Libro 34.13.11

Libro 34.13.10

Libro 34.13.9

Libro 34.13.14

BIBLIOGRAFÍA:

-DE JUANA LÓPEZ, J.: *A Alta Limia. A Terra que medrou vencellada a unha Lagoa*, Ir Indo Edicións, Vigo, 1993, pp.96.

Características Construtivas

Plantas: Baixa

Edif. Anexas:

Mat Fachada: Granito

Mat. Fachada: Granito

Mat. Estrutura: Granito

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 100m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq. ----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Relixioso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles









